

**CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO EXERCICIO TIPO TEST DO PROCESO SELECTIVO PARA ACCESO POLA QUENDA LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DA AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA IDENTIFICADA NO ANEXO II DO DECRETO 79/2022 DO 25 DE MAIO.**

En sesión que tivo lugar o 1 de xullo de 2024, o tribunal nomeado por Resolución do 27 de maio de 2024 para cualificar o proceso selectivo de acceso libre para a cobertura pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, da praza de persoal laboral fixo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria identificada no Anexo II do Decreto 79/2022 do 25 de maio (Técnico Superior \_ licenciado en económicas- grupo I), acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.1.1 da convocatoria, de acordo co seguinte:

O primeiro exercicio consiste en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test.

As persoas aspirantes deberán sinalar na folia de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

O exame consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cen (100) preguntas, das que setenta (70) preguntas se corresponderán coa parte xeral do programa e trinta (30) preguntas coa parte específica.

O exercicio disporá de tres (3) preguntas de reserva, das que dúas (2) serán da parte xeral do programa.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a 0,60 puntos
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta (0,15 puntos)
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento cincuenta (150) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

O exame valorarase como apto ou non apto.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

Ascensión Labella Lozano  
Presidenta do tribunal

